



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A creatividade: unha ferramenta chave da mente. Que é? Como empregala?

CONVOCATORIA: Curso monográfico A creatividade: unha ferramenta chave da mente

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	14
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/10/2019 - 08:00h ao 08/10/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal creado co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, á autoxestión da aprendizaxe e á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

A creatividade é unha competencia imprescindible para o cambio e a innovación así como unha ferramenta para a resolución de retos e problemas. O principal obxectivo desta actividade formativa é desenvolver a creatividade dos participantes e a súa capacidade para xerar cambios innovadores na súa realidade laboral.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus entes instrumentais e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Traballaranse técnicas, procesos e estratexias que facilitan a creatividade e propóranse situacións que requiran de reflexión, argumentación e interacción, permitindo así o adestramento en destrezas para a comunicación positiva e para a relación interpersoal.

A metodoloxía será práctica e posuirá carácter grupal, dinámico e participativo. As actividades previstas para esta formación irán desde as explicacións teóricas a simulacións, dinámicas e dramatizacións, así como discusións e debates.

Os contidos principais serán os seguintes:

- Que é a creatividade? Achegándonos ao universo creativo.
- Estratexias para a creatividade.
- Perfil da persoa creativa.
- Ximnasia creativa e pensamento diverxente.
- Métodos que potencian a creatividade: Desing Thinking.
- Modelos e teorías para desenvolver a creatividade.
- Creatividade vs Innovación.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula.

As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas da actividade solicitada e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/10/2019 a 17/10/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

UNA GRUPO IDEAS FACTORY SL

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 11: Os días 14, 15, 16 e 17 de outubro de 16:30 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA